



PROCEDEMENTO

Este tríptico informativo ten como finalidade explicar as liñas básicas da Feira de Libros Usados 2013. O procedemento para participar nela é moi sinxelo:

- Dende o momento no que reciba este folleto xa poderá aportar os libros nos respectivos centros educativos ou ANPAs.
- Por cada libro entregarse un vale: cantos máis libros entregados, máis vales.
- O día de celebración da Feira poderanse trocar os vales por outros libros.
- Os vales son válidos en calquera dos postos dos diferentes centros e ANPAs.

Colaboran

CEEPR	Juan XXIII
CEIP	A Laxe
CEIP	Ardán
CEIP	Seixo
CEIP	Carballal
CEP	Sequelo
CPR	La Inmaculada
EEI	Nosa S ^a do Carme
EEI	O Grupo
IES	Chan do Monte
IES	Illa de Tambo




Deputación
Pontevedra

CONCELLO
DE MARIN



IES MESTRE LANDÍN
Pazo da Raña, s/n 36915
Marín



ASOCIACIÓNS DE NAIS E PAIS

- Illa do Santo (CEIP Ardán)
- Fonte do Peso (CEIP A Laxe)
- Abelendos (CEIP Seixo)
- Viñas Blancas (CEIP Carballal)
- Aidón (CEP Sequelo)
- Martín Herrera (CPR La Inmaculada)
- Nosa S^a do Carme
- Rio Inferniño (EEI O Grupo)
- Chan do Monte

II Feira de
Libros Usados
2013

PROGRAMA

- 11:00 PREGÓN DE PRESENTACIÓN E INICIO DA II EDICIÓN DA FEIRA DE LIBROS USADOS.
- 11:30 CONTACONTOS A CARGO DO GRUPO *TARABELOS*.
- 13:00 CONTACONTOS A CARGO DO GRUPO *POLO CORREO DO VENTO*.
- 14:00 REMATE DA FEIRA.



O vindeiro 30 de xuño vaise celebrar a II Feira de Libros Usados. O obxectivo desta é proporcionar aos membros da comunidade educativa – alumnado, profesorado, familias, persoal non docente - a oportunidade de intercambiar aqueles libros que, por distintos motivos, xa non son utilizados polos seus donos.

un libro ten máis vidas das que cres

Grazas ao intercambio de libros de texto inténtase poñer freo ao gran consumo deste tipo de libros que se produce ano tras ano. Trátase de amortecer o desembolso económico que supón, fomentando ademais un ensino gratuíto e, por suposto, a reciclaxe.



CANDO?

A feira levarase a cabo o domingo 30 de xuño dende as 11:00 horas ata as 14:00.



ONDE?

Terá lugar na Alameda de Marín. No caso de que fíxese mal tempo o evento trasladaríase ao Espazo Multiusos (antiga praza do mercado).



QUE LIBROS SERVEN?

Pódense aportar todo tipo de libros, CDs e DVDs, e para todas as idades: libros de texto, de ficción, manuais, cómics, etc. A única condición é que estean no mellor estado posible para que quen o reciba poida aproveitalo.

